

INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA DE TRABALLO SOCIAL

O 21 de maio de 2021 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Escola de Traballo Social correspondente á revisión do curso 2019-2020 solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PE-02 Revisión e mellora do Sistema de Garantía de calidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Revisión e mellora (Código: PE-02) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

A figura da acreditación institucional, introducida polo Real decreto 420/2015 do 9 de maio, abre un escenario novo, no que a Memoria de Calidade de cada centro debe constituir o documento que recolla o seguimento dos títulos e do propia Sistema de Garantía de Calidade.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

INFORME:

A Memoria de calidade 2019-2020 da Escola de Traballo Social, recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras
- Modificacións nos diferentes títulos
- Listaxe de evidencias e indicadores

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar nos títulos e no centro para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se informa **favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

José Manuel Villanueva Prieto

Xefe da Área de calidade e Mellora dos Procedementos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/05/2021 14:37:49.

CSV: E4F9-7635-4F39-8297



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Universitaria de Traballo Social

Curso Académico: 2019/2020

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	3
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	3
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	5
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	7
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	12
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	14
Directriz 6. Información pública	17
3. Plan de Melloras do centro	19
4. Modificacións nos diferentes títulos	21
5. Listaxe de evidencias e indicadores	26

1. Introducción

A Escola Universitaria de Traballo Social ten a condición de centro adscrito á USC desde 1983, e imparte o Grao en Traballo Social desde o curso 2010-2011. A Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais é a que ostenta a personalidade xurídica da Escola Universitaria de Traballo Social desde o ano 1999, e está declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia.

No curso 2011-2012 graduouse a primeira promoción constituída por alumnado que desde os estudos da Diplomatura en Traballo Social, accedeu ao grao.

No ano 2011 incorporouse á Memoria de Verificación do Título (2010) o desenvolvemento das características do Curso de Adaptación para Diplomados en traballo social (Curso Ponte).

Vai ser no curso 2012-2013 cando se completa a implantación do Grao e se ofertou por primeira vez o Curso Ponte

No ano académico 2013-2014 graduouse a primeira promoción que cursou os seus estudos dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.

No curso 2015-2016 produxose a renovación da acreditación do Grao, e no Informe Final de Avaliación sinalábase, no Plan de Accións de Mellora, a necesidade de facer modificacións na MVT 2010, unhas de obrigado cumprimento e referidas ao Criterio 1 : *Organización e Desenvolvemento*, e outras establecidas como recomendacións.

Nos inicios de 2017 presentouse ante a USC a declaración de intencións para modificar a MVT 2010 de cara a implementar ditas modificacións no curso 2018-2019. O Informe favorable ás mesmas por parte da ACSUG obtívose o 4 de abril de 2018.

A Memoria de Calidade 2019-2020 correspóndese a un curso que se desenvolveu conforme á MVT 2017, máis vai a estar marcado por ter que impartirse o seu segundo semestre desde o 13 de marzo en remoto debido ao confinamento tras a Declaración do estado de alarma.

Tiveron que facerse modificacións para axustarse ás Resolucións da USC, dando así cobertura legal á modalidade de docencia “on line” e aos axustes que foi necesario realizar no Plan de estudos como modificacións que afectaron ás Guías docentes, tanto á metodoloxía como ao sistema de avaliación, e tamén afectaron ao desenvolvemento do Practicum e Traballos de Fin de Grao, modificación dos horarios para adaptalos a unha docencia non presencial, modificación de procedementos de comunicación cos diferentes grupos de interese, etc...

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Da análise da Política de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS), centro adscrito á USC, no que se imparte o título de Grao en Traballo Social, unha das ideas que se poden extraer e que esta permite facer o seguimento e modificación da Memoria de Verificación do Título (MVT 2017). Modificación realizada dentro dos prazos previstos en base ao recollido no Informe Final de renovación da Acreditación.

Permite así mesmo avaliar o desenvolvemento do Plan Estratéxico do Centro 2018-2020, recoller información sobre a participación nas enquisas sobre a satisfacción dos distintos grupos de interese....

Desde que en 2016 se renovou a acreditación do título avanza considerablemente na revisión e mellora de procesos contemplados no Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC). Máis hai un aspecto do SGIC que precisa de especial atención, pois está pendente a particularización do Manual simplificado do SGIC. A última previsión para realizar esta acción era o segundo semestre de 2020, máis a situación de confinamento durante o Estado de Alarma iniciado a mediados de marzo de ese ano alterou dita previsión e non foi abordado, pois concentráronse os esforzos na organización e desenvolvemento da docencia e a xestión académica on line.

No Autoinforme de Seguimento do curso 2019-2020 contéplase como acción de mellora a particularización do Manual Simplificado do SGIC no segundo semestre de 2021.

En relación ao cumprimento do Plan Estratéxico do Centro 2018-2020, para as distintas liñas contempladas e os obxectivos vinculados ás mesmas establecéranse entre outros, indicadores que se analizan cada curso nos Autoinformes

de Seguimento, facéndose así unha avaliación do Plan curso a curso a través deste documento.

No ano 2020 rematou a vixencia do Plan Estratéxico, e está en proceso a avaliación pormenorizada do mesmo. Unha primeira aproximación a súa análise permite afirmar que a maioría dos obxectivos se cumpriron en gran medida, polo que se pode valorar de forma altamente satisfactorio o grao de cumprimento dada a consecución da maioría dos obxectivos.

No **ámbito das persoas**, implantáronse os grupos de titorías presenciais, incrementouse a taxa de participación das enquisas do alumnado curso a curso (27,01% a 48,32%), **no ámbito da actividade universitaria**, ampliouse a participación do profesorado en cursos e congresos. **No ámbito da xestión institucional**, aumentou o número de convenios asinados (65 xestionados desde 2018), mellorouse o apoio para facilitar o financiamento dos estudos no centro.....**No ámbito da relación co contorno**, constituíse o Comité Consultivo, acrecentouse a divulgación externa do centro,...

O cumprimento das Accións de melloras é case total, resultado das revisións realizadas desde a renovación da acreditación do título en 2016, caso das que se presentan a continuación:

- Para incrementar a baixa participación nas enquisas de satisfacción leváronse a cabo tarefas como charlas informativas sobre importancia e utilidade do SGIC, habilitar horario na aula informática, difusión dos períodos, así no que se refire a taxa de resposta do alumnado en canto á satisfacción coa docencia recibida o incremento da mesma foi de máis de 21 puntos entre o curso 2017-2018 e o curso 2019-2020.

- Diferenciáronse as funcións entre a Comisión de Título e a Comisión de Calidade tal como se sinalaba no Informe de Renovación da Acreditación. A raíz disto reforzouse a actividade da Comisión de calidade, esta elaborou o Plan Estratéxico do centro 2018-2020, en proceso de avaliación no momento presente, creouse o Comité Consultivo, estando pendente a elaboración do Manual simplificado do SGIC.

- Xeneráronse procedementos para obter datos de inserción laboral alternativos aos estudos da ACSUG, creación na web propia dun espazo con información para egresados, reforzouse a información ao alumnado de 4º curso sobre saídas laborais, e incrementouse a colaboración co Colexio profesional de Traballo Social.

- Reforzouse a difusión da titulación, con visitas para coñecer o centro previa cita

- Solucionouse a dificultade de cobertura á rede internet coa mellora da sinal wifi, e renovouse mobiliario do centro.

A prioridade dentro da xestión do Sistema de Garantía de Calidade, é a elaboración do Manual simplificado do SGIC aprazado pola situación de pandemia pola Covid 19 coa repercusión que isto tivo na organización da docencia.

En canto á recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións... ademais dos procedementos establecidos pola USC, o centro dispón dos propios que están publicitados na web propia <http://www.euts.es/ShowService.do?serviceld=122&fields=L&display=right13>. Valórase que este ámbito está suficientemente cuberto, ademais da facilidade para acceder directamente a concertar reunións coa Dirección da EUTS.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Unha vez recibido o Informe de Renovación da Acreditación en 2016, dentro dos prazos establecidos pola USC iniciouse o proceso de modificación da Memoria de verificación do Título (2017), e implantáronse as que se sinalaban segundo a proposta enviada á USC (abril 2017) que foi posteriormente aprobada en Xunta de Centro o 14 de novembro de 2017 e aprobada pola ACSUG en abril de 2018.

As modificacións implementáronse no curso 2018-2019, así implantáronse as titorías presenciais en grupos reducidos e estableceuse unha nova configuración da materia *Prácticas de Investigación en Traballo Social* que ademais pasou a denominarse *Obradoiro de Investigación Social*. Modificouse a natureza da mesma pasando de ser prácticas externas, tipo B de 6 créditos a ser unha materia obrigatoria tipo C de 6 créditos.

En función da demanda de matrícula das materias optativas e as necesidades formativas, curso a curso revísase a oferta destas materias así foi no caso da materia *Traballo Social e Adicións*, que volveu a activarse no curso 2019-2020.

Por parte da Coordinadora de título e coordinadores de curso lévase a cabo unha labor de revisión e seguimento dos programas académicos, previo a súa aprobación. Isto aparece reflexado no informe anual de coordinación académica . e do que se dá conta tanto na Comisión Académica como na Xunta de Centro, polo que se pode concluir que os mecanismos de coordinación son adecuados.

En canto ao perfil de ingreso/egreso, a taxa de abandono no primeiro curso sitúase no 13,64%, unha das máis baixas dos últimos tres cursos académicos pero superior en 2 puntos á fixada na MVT 2017.

A taxa de graduación é de 72,34%, e dicir estudantes que finalizaron estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis que a súa cohorte de ingreso, e correspóndese co fixado na MVT 2017 (72,46%),

A taxa de éxito fixada na MVT é de 93,07 %, e nos tres últimos cursos esta taxa estivo por encima do 90%. Sendo no curso 2019-2020 de 97,23%, cifra alta que se veu condicionada pola avaliación durante o período de docencia on line .

A duración dos estudos é de 4,26, lixeiramente superior ao dato fixado na MVT 2017 que se estableceu en 4,09.

A taxa de rendemento foi 94,90%, 7 puntos superior á fixada na MVT que é de 87,86 %, e dicir a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes en o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.

A taxa de eficiencia foi de 96,96 %, un punto inferior á fixada na MVT 2017 (97,87%), reflexa a relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon.

A satisfacción media do alumando foi de 4,33 incrementándose lixeiramente, cuxo valor está por encima dos obtidos para a rama de Coñecemento Ciencias Sociais e Xurídicas (3,94), e da media do conxunto de graos da USC (3,98).

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O curso desenvolveuse conforme é normativa da USC, e as instrucións que esta publica así como a MVT 2017. Máis no seu segundo cuadrimestre só se desenvolveu presencialmente segundo o previsto ata o 13 de marzo, nese momento a docencia pasou a ser impartida en remoto e tiveron que facerse modificacións para axustarse ás Resolucións da USC e dar cobertura legal á modalidade de docencia "on line" e aos axustes do plan de estudos que foi necesario realizar:

- Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente
- Resolución reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre medidas de carácter extraordinario en relación ás prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) do curso 2019-2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.
- Resolución reitoral do 7 de abril sobre a suspensión da docencia presencial polo que resta de período lectivo do 2º semestre do curso 2019-2020 e establece as obrigas docentes con respecto á docencia non presencial.
- Acordo do Consello de Goberno da USC de 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID 19.
- Directrices para a organización da docencia e a avaliación do curso 2019-2020 – Medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19, que desenvolven, de xeito operativo, o acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020.
- Resolución reitoral de 4 de maio de 2020 polo que se acordan determinados cambios nos prazos de matrícula como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID 19.
- Instrución do 20 de maio de 2020 da Vicerreitoría de Organización Académica, de desenvolvemento da resolución reitoral de 27 de marzo de 2020 sobre as prácticas académicas externas.
- Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 (Maio 2020)
- Instrución 3/2020 de Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020

- Instrución 4/2020 da Secretaría Xeral relativa ao adiamento de defensa dos traballos de fin de estudos e da realización de prácticas no curso 2019-2020 (5 de xuño de 2020)

Por parte do centro, foron elaborados e aprobados os seguintes documentos que recollían as especificacións indicadas nas regulacións da USC:

- Grao en Traballo Social – Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 (24/04/20)
- Modalidades de avaliación na EUTS (27/04/20)
- Procedemento defensa TFG na EUTS (19/05/20), aprobado en Comisión Delegada de Xunta de Centro o 18 de maio
- Indicacións desenvolvemento probas finais telemáticas EUTS no curso 2019-2020 (01/06/20)

Na *Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020 sobre modificación das guías docentes* como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial, indicábase que o profesorado tiña que realizar modificacións das guías-programa para adaptalas á nova situación derivada da suspensión da docencia presencial. Ditas modificacións afectaban a contidos, planificación, metodoloxía e bibliografía básica, e así mesmo tiñan que comunicarse ao alumnado antes do 30 de marzo de 2020, e realizar os cambios na Secretaría Virtual do docente.

Na *Instrución para a modificación das guías docentes de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020*, da Vicerreitoría de Organización Académica, establecíase que a incorporación das modificacións das guías docentes en Xescampus por parte do profesorado tiña que facerse exclusivamente no apartado de "Observacións". Na Comisión Delegada de xunta de Centro de 28 de abril de 2020 a Coordinadora de Título informou que estaban todas as guías-programa das materias do segundo cuadrimestre actualizadas na Secretaría Virtual, e tamén dou conta que foron actualizadas de oficio polo SXOPRA as Guías de materias do primeiro cuadrimestre no referido á avaliación.

A realización do Practicum en servizos e institucións tivo que suspenderse ao igual que a actividade docente presencial. A Resolución Reitoral do 27 de marzo, de 2020 sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020 resolve no artigo 3º que "as prácticas presenciais consideraranse realizadas e procederá realizar a memoria e emitir os informes correspondentes para os efectos da súa avaliación sempre que se tiveran acadados os obxectivos formativos básicos das mesmas. A estes efectos, entenderanse cumpridos estes obxectivos cando as prácticas estiveran realizadas, cando menos, nun 50% da súa duración", feito que se daba no Grao en Traballo Social.

Acolléndose á citada Resolución, na reunión da Xunta Delegada de Centro de 14 de abril de 2020 acordouse que se dera o practicum por realizado ao estar xa executado no seu 50%, e terse acadados os seus obxectivos básicos. Seguiríase en contacto co alumnado realizando o seguimento coas titorías programadas por parte das titoras académicas, para elaborar a memoria das prácticas realizadas.

En canto ao procedemento para a presentación e defensa dos Traballos de Fin de grao nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación (27/04/2020)*, e conforme á *Resolución Reitoral do 27 de marzo e o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril*, introducíronse unha serie medidas de carácter extraordinario, aplicables unicamente ao curso 2019-2020, e que afectaban tanto aos requisitos esixidos como ao procedemento:

- Presentar e defender o TFG aínda que non se completara e superara o período de prácticas curriculares. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG quedaría condicionado á efectiva superación das prácticas.
- Realizar a presentación e defensa por procedementos telemáticos, de acordo co sinalado no mesmo documento, e subsidiariamente na *Guía para a Realización de Probas finais telemáticas da USC (medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola covid-19)*.
- Con independencia do que establecera o *Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, contéplanse dúas modalidades de defensa polas que podía optar o alumnado, facéndoa constar na súa solicitude de defensa, ben defensa diante dun tribunal ou ben defensa diante só do/a titor/a.
- En calquera das modalidades, a defensa dos TFG realizaríase, dentro dos períodos que a USC sinalaba a tal

efecto, e segundo o calendario establecido polo Centro . Ademais o Centro contemplou excepcionalmente, a defensa ata o 30 de novembro de 2020, cando por circunstancias xustificadas, o traballo non puidera terse defendido dentro dos prazos ordinarios.

Ademais de participar nos programas de captación de alumnado organizadas desde a USC, a EUTS leva a cabo accións propias como son a participación en feiras académicas (3 no curso 2019-2020, 13 nos últimos tres cursos) e 5 charlas en centros educativos no curso 2019-2020. Non se tivo ningunha visita previa cita para coñecer a titulación pois esto veuse afectado polo confinamento domiciliario e normativa da USC para o acceso aos centros só de persoal autorizado.

Nos últimos catro cursos académicos a matrícula de novo ingreso é axustada ou lixeiramente superior ao número de prazas ofertadas (80), cunha nota media de acceso (7,78) co valor máis alto dos últimos 5 cursos. Tamén se ofertaron 5 prazas no curso ponte que se cubriron na súa totalidade, máis 2 persoas renunciaron posteriormente a súa matrícula.

Para o alumnado de novo ingreso o centro organizou unha sesión de acollida na que participa a Dirección da EUTS, Coordinadora de título, Coordinador de primeiro curso, responsables de programas mobilidade, persoal de secretaría e de biblioteca, así como unha alumna titora. Apórtase información ao alumando para que coñezan a organización académica e administrativa do centro desde o primeiro día de curso.

A Coordinadora de Practicum organiza, desde terceiro curso, reunións informativas con distintos grupos de alumnado, para aportarlles información sobre o desenvolvemento das prácticas externas e tamén explorar os intereses do alumando para a súa realización de cara ao deseño da oferta de centros e servizos.

Da participación en programas de intercambio destaca a demanda dentro do Programa Sicue e Convenios Bilaterais da USC, sobre o Programa Erasmus. Neste último ningún alumno/a da EUTS presentou solicitude e só se recibiu a unha alumna procedente da universidade alemana Hochschule Neubrandenburg.

No Programa Sicue o número de solicitudes foi de 12, das que 2 non reunían requisitos. Das 10 aceptadas a unha non se lle asignou destino por non quedar prazas vacantes nos destinos que tiña solicitado, e posteriormente só se formalizaron 7 acordos ao producirse 2 renuncias. Dentro de este programa recibíronse 3 solicitudes procedentes das Universidades de Alacante, Pablo Olavide de Sevilla, e Málaga , pero esta última non chegou a formalizar o acordo. Como se observa hai un importante interese por este programa por parte do alumnado propio, 12 solicitudes de estancia noutras universidades das que chegaron a realizarse 7.

No intercambios por Convenios Bilaterais establecido pola USC solicitaron participar nel 8 alumnas do centro, e a unha non se lle asignou praza por non existir vacantes nos destinos solicitados. Das 7 asignadas, 2 persoas renuncian polo que só 5 chegaron a realizarse con destinos en Chile e México. A súa vez recibíronse 4 alumnos/as procedentes de ambos países.

Dos 302 alumnos/as matriculados no grao no curso 2019-2020, fundamentalmente reúnen requisitos e participan nestes programas alumnado de 3º e 4º curso. Realizaron solicitude 20 persoas para participar en programas de intercambio dos que chegaron a desenvolverse 12 de forma efectiva, e dicir 1 de cada 25 alumnos/as cursou estudos noutra universidade. no curso obxecto de análise.

No curso 2019-2020 as taxas de éxito e de avaliación acadaron valores elevados. A taxa de éxito mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron. O valor desta taxa tivo un gran incremento respecto aos cursos anteriores, representando o 97,23%, e incrementándose respecto ao curso anterior en 6,09 puntos. Ao igual que en cursos académicos anteriores, é moi superior á media da USC e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,06 e 4,43 puntos respectivamente). Analizada a taxa de éxito nos cinco últimos cursos académicos, esta adquire os valores máis elevados no cuarto curso do grao. Respecto ao curso académico 2019-2020, aumenta progresivamente acadando o valor máis elevado en 4º curso (99,80%), e é o valor máis alto de todos os cursos analizados.

Enténdese por taxa de avaliación, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se

presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que están matriculados. Esta taxa adquire o valor máis elevado no curso 2019-2020 cun valor de 97,09 %.

A taxa de avaliación na EUTS é moi superior á da USC e a da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas. No último curso académico a EUTS supera en 2,88 puntos o valor medio da USC e en 3,23 o valor medio da Área de referencia.

A taxa de avaliación no curso 2019-2020 adquire o valor máis elevado en 3º curso (98,44) seguido de 4º curso (97,97). Tamén acada o valor máis alto en 3º nos cursos académicos 2017-2018 e no 2018-2019.

A taxa de rendemento aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. O valor desta taxa no curso 2019-2020 é o máis alto dos últimos cursos académicos, superando en 7,66 puntos o obtido no curso académico anterior.

A taxa de rendemento na EUTS para este curso é de 94,40, moi superior á media da USC (88,71) e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,10), cunha diferenza de 5,69 por enriba da USC e 7,3 puntos por enriba da Área de referencia.

Destaca que nos cinco últimos cursos académicos, a taxa de rendemento do alumnado alcanza o valor máis elevado no 4º curso de grao.

Respecto aos catro cursos do Grao de Traballo Social, a taxa de rendemento aumenta progresivamente a medida que o alumnado vai superando curso, e isto tamén acontece no curso 2019-2020, aumenta progresivamente ao pasar de 2º aos cursos posteriores.

Para valorar os indicadores de satisfacción relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe, a primeira observación que procede realizar é que para moitos deles non se dispón de información, a situación de pandemia pola Covid 19 incidiu neste proceso.

A media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2019-2020, acada o valor mais elevado dos últimos 6 cursos, na mesma liña segue a considerase elevada, posto que acada o valor de 4,27 sobre 5. Si se analiza este dato diferenciando por cuadrimestre, obtense como resultado para o 1º cuadrimestre o valor de 4,33, para o 2º cuadrimestre é de 4,03. O valor deste indicador é superior ao da Rama de Coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas que é de 3,94, e tamén á media dos graos da USC que é de 3,98.

Respecto á satisfacción dos egresados coa formación recibida na titulación, a media de satisfacción do centro coa docencia teórica, segue a manterse por riba da media da USC (4,07 e 3,73 respectivamente). O mesmo acontece coa formación práctica, que supera en máis dun punto a media do centro á da USC (3,71 e 2,66 respectivamente).

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida, segue a manterse superior a 4, como acontece nos cinco cursos anteriores, e acada o valor de 4,41.

No curso académico 2019-2020 realizaron prácticas externas (Practicum) 53 alumnos/as, tres alumnas no primeiro cuadrimestre e 50 persoas no segundo cuadrimestre.

No primeiro cuadrimestre matriculáronse 3 alumnas no Practicum, e fíxose unha oferta de 18 centros de prácticas (8 de xullo de 2019), o que supón unha media de 6 centros opcionais por alumna.

O número de alumnado que fixo prácticas no segundo cuadrimestre foi de 50, ofertáronse en total 190 centros de prácticas distribuídos nas distintas provincias galegas, o que se corresponde cunha media de 3,8 centros ofertados por alumno/a que realizou prácticas. De esos 190 centros, a maioría están ubicados na provincia de A Coruña (110) e na de Pontevedra (51), en correspondencia coa orixe e solicitude da maioría do alumnado dado que 42 dos 50 optaron por realizalas na provincia de A Coruña.

As prácticas no servizo tiveron o seu inicio o 30 de xaneiro e a data de finalización prevista era o 14 de maio de 2020, segundo o establecido no calendario da USC. Debido a crise sanitaria provocada pola Covid 19 interrompeuse a estancia nos servizos e centros o 13 de marzo de 2020, dándose por realizadas en consonancia coa Resolución Reitoral do 27 de marzo de 2020, sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020, ao estar realizadas en máis do seu 50%.

Realizaron prácticas externas o 91,38% do alumnado egresado no curso 2019-2020, o que supón 6,3 puntos menos que o curso anterior e o valor máis baixo dos últimos cinco cursos. Dado que as prácticas son de realización obrigatoria para poder completar estudos, derivase deste dato que un 8,62% do alumnado egresado realizara as prácticas externas no curso ou cursos anteriores e tiñan pendentes de superar outras materias.

Asinaronse ao longo do curso 2019-2020 un total de 26 convenios de colaboración para la realización de prácticas externas, dos que 7 son novos que se suman aos xa existentes e 19 son renovacións e /ou actualizacións de convenios anteriores.

No curso 2019-2020 matriculáronse para realizar o *Traballo de Fin de grao* 65 persoas baixo a titoría de 9 docente, das que 58 defenderon o seu traballo. Delas 3 o fixeron na convocatoria de febreiro, 37 en xuño-xullo (2 eran do Curso Ponte), e 18 en setembro (1 do Curso Ponte).

En canto ao procedemento para a presentación e defensa dos Traballo de Fin de grao nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación (27/04/2020)*, e conforme á *Resolución Reitoral do 27 de marzo e o Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril*, introducíronse unha serie medidas de carácter extraordinario, aplicables unicamente ao curso 2019-2020, e que afectaban tanto aos requisitos esixidos como ao procedemento, destacando con independencia do que establecera o *Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, a posibilidade de dúas modalidades de defensa polas que podía optar o alumnado, facéndoa constar na súa solicitude de defensa: defensa diante dun tribunal ou defensa diante só do /a titor/a.

Dentro das dúas modalidades contempladas de defensa por medios telemáticos no segundo cuadrimestre, optaron por facelo diante só do/a titor/a 40 alumnas/os e 18 o fixeron diante do tribunal designado a tal efecto.

Os datos e resultados presentados anteriormente levan a concluir que estos son favorables de cara ao aprendizaxe do alumnado.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Universitaria de Traballo social comeza o curso 2019-2020 cun total de 13 profesores/as, sete con adicación completa (53,8%) e 6 con adicación parcial (46,2%). O número de doutores/as é de 7 (53,8% do total), 3 con adicación completa e 4 con adicación parcial. Son 2 docentes menos que na MVT 2017, máis nalgún caso foise ampliando o tempo de adicación á docencia no grao.

Coincidindo co remate do curso 2019-2020, unha profesora con adicación a tempo completo presentou a súa tese doutoral.

O descenso no número de profesores respecto do curso anterior débese á baixa dunha materia optativa, que deixou de ofertarse, sendo substituída por outra materia non activada ata o momento pero dentro da oferta de optatividade recollida na Memoria de Título, e que foi asumida por persoal do centro ao que se lle ampliou as horas de adicación á docencia.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo para a titulación, cunha ampla traxectoria de experiencia docente na titulación para o conxunto e unha porcentaxe do 46,2% que posúen unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Traballo Social con outra titulación engadida (Socioloxía, Ciencias Políticas e Filosofía). Respecto a 1º curso, o 83,3% son doutores e o 33,3% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social.

En canto ás prácticas externas, todo o profesorado que titoriza posúe dobre titulación, sendo requisito deste centro que unha delas sexa a titulación de Traballo Social.

Respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o dato neste curso reflexa unha pequena baixada cunha media de 4,41 (4,64 para o 2018-19).

Respecto ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida, no curso 2019-20 distínguese entre satisfacción coa docencia recibida e satisfacción coa docencia recibida Covid-19. Respecto ós resultados para o primeiro semestre a satisfacción media do alumnado incrementouse ata un 4,33 (4,15 no curso 2018-19), valores por encima dos obtidos para a rama de Coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,94), e para o conxunto dos graos da USC (3,98). No que respecta á satisfacción coa docencia recibida no segundo semestre (Covid 19), baixa a satisfacción media do alumnado a un 4,03 que tamén resulta por encima da acadada para a rama de Coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,82) e para o conxunto dos graos USC (3,84).

O número de persoas na categoría de persoal de apoio non sufriu variacións: 6 persoas, aínda que si hai cambios na adicación, unha persoa pasou de adicación parcial a adicación completa. As categorías son: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de servizo de limpeza. Mantense o número do persoal de apoio desde a implantación do grao, coa ampliación de tempo de traballo e categoría para unha delas tal como xa se sinalou.

O persoal de apoio durante o período de confinamento, sempre que foi posible, desenvolveu as súas funcións baixo a modalidade de tele traballo o que requiriu dun proceso de preparación para dispoñer dos medios necesarios para isto.

O índice de satisfacción do PAS incrementábase con respecto ao curso anterior, pasando de 3,18 a acadar un valor de 4,25 no curso 2019-2020.

Considérase que o persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender as necesidades derivadas da actividade docente no centro.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un obxectivo prioritario da EUTS continúa a ser a mellora e renovación do equipamento informático. No curso 2019-2020 adquiríronse tres proxectores para as aulas.

A biblioteca da EUTS, a 31 de decembro de 2020, acadan unha cifra de 13.555 volumes, incrementándose en 21 con respecto ao ano anterior. Mensualmente o persoal de biblioteca envía información ao profesorado vía correo electrónico, informando sobre as novidades editoriais incorporadas. Esta mesma información achégase ao alumnado a través da páxina web do centro.

Desde a EUTS realízase un importante esforzo para que o alumnado e o profesorado dispoña de toda a información e os cambios que se van producindo o antes posible, introducindo a información na páxina web con avisos das novidades no espazo de novas da mesma, e nos taboleiros virtual e do centro.

O luns 9 de setembro de 2019 ás 9:00h, coincidindo co inicio do curso, levouse a cabo a *Xornada de presentación e acollida do alumnado de primeiro curso*, para dar a benvinda e explicar ao alumnado de novo acceso os servizos dispoñibles e o funcionamento do centro. Nela participaron o a Directora e Secretaria da do centro, coordinadora de título, coordinador de primeiro curso, coordinadora de programa SICUE, bibliotecaria, persoal da secretaría do centro, e a alumna titora.

A Coordinadora de Título, impartiu o *Curso Cero: Guía para a Presentación de Traballos Académicos*, dirixido ao alumnado de primeiro e asistiron ao mesmo 64 alumnos/as. Este curso está contemplado na MVT desde a implantación do grao.

Para o alumnado do centro organizáronse unha serie de actividades formativas, e especificamente para 4º curso previas a adquirir a súa condición de egresados. Se realizan en colaboración do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG).

Así as técnicas de emprego de do COTSG presentaron nos cursos de 1º, 2º e 3º a precolexiación, e para 4º curso impartiron unha charla sobre a actividade do Colexio Oficial, e distribuíron folletos con información de interese para os futuros egresados.

Durante o período de docencia en remoto establecéronse as seguintes medidas:

- Desvío da liña de teléfono da EUTS ,para poder seguir atendendo persoal da oficina da secretaría do centro ás chamadas recibidas.
- Envío de correos electrónicos a todo o alumnado matriculado no centro cando se producía calquera novidade no desenvolvemento da docencia, avaliación, axudas etc que fosen do seu interese.
- Actualización continua na páxina web propia de calquera medida, aviso etc.
- Creación de tres chats a través da plataforma MS Teams de atención directa en relación á:
 - Consultas a secretaría (unha hora diaria), consultas sobre matrícula, validacións, intercambio, etc. Activo desde o 13 de abril ata o 30 de xullo.
 - Biblioteca (unha hora diaria). Activo desde o 18 de maio ao 30 de xullo.
 - Curso cero – elaboración de traballos (unha hora diaria). Activo desde o 18 de maio ao 30 de xullo.
- Elaboración dun vídeo de presentación e informar dos estudos de grao en traballo social .
- Elaboración de instrucións dirixidas ao profesorado para facilitar a adaptación das guías docentes das materias.
- Elaboración de manual para o uso e a creación de grupos en teams dirixido ao profesorado do centro.
- Elaboración de manual sobre o acceso aos chats por parte do alumnado coas instrucións de uso da aplicación, que estivo accesible na web do centro.
- Elaboración de manual dirixido ao profesorado do uso do portal do estudante.
- Solicitude á USC de defensa ante titor do alumnado que así o solicitase así como da modificación do calendario establecido para as defensas.
- Para facilitar ao alumnado os distintos procesos de solicitude a través da internet procedeuse a dixitalización de todos os impresos que a EUTS ten colgado na web do centro. O proceso iniciouse cos impresos de solicitude de defensa de TFG e de entrega da memoria do practicum (para elaboración das actas individualizadas).
- Elaboración dun tutorial para a creación de ID digital en Acrobat Reader para a sinatura dos impresos dixitalizados.
- Convocatoria e xestión dunha axuda puntual e extraordinaria por parte da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais* dirixida ao alumnado do centro que estivese pasando por dificultades engadidas como consecuencia da pandemia.

Como medida de reforzo na comunicación de cuestións importantes que atinxen directamente a cada un dos grupos de interese, enviáronse correos electrónicos persoais a cada un dos membros de cada grupo de interese, cando se entende que é aconsellable pola relevancia da información que se quere transmitir.

Unha vez rematado o confinamento, e coincidindo co final do segundo semestre , en maio, xuño e xullo a Dirección do centro e a maioría do persoal de apoio incorporouse ao centro e o resto continuou tele traballando. Para isto foi necesario preparar as instalacións (mamparas, sinalizar distancias, cartelería informativa...), e tomar unha serie de medidas de hixiene e desinfección (mascarilla, hidroxel, ...) tal como establecían as autoridades sanitarias.

Foi necesario preparar nese momento todo o centro para o inicio en setembro do curso 2020-2021 coas medidas aprobadas para unha docencia segura. Medidas como limitar aforo de aulas, reducir os postos de traballo na biblioteca, reducir o uso de equipos na aula informática para gardar distancia de seguridade, distribuír carteis informativos, sinalización da dirección de desprazamento no centro, diferenciación de entrada e saída do centro, material de desinfección de superficies, hidroxel nos puntos necesarios, preparación dun “espazo Covid 19” para aillar un posible caso

Continuouse co proceso de dixitalización de documentos, afectando aos impresos de inscrición no centro e a partir de setembro de 2020, tamén se foron dixitalizando o resto dos impresos rematando este proceso no mes de outubro de 2020 xa no seguinte curso.

Elaborouse un Protocolo propio da EUTS de prevención e hixiene ante a COVID 19 que foi aprobado en Xunta de Centro o 30 de xullo de 2020, para ser implementado no curso 2020-2021 para ter unha docencia segura .

En relación aos centros e servizos nos que se realizan prácticas externas, con todos eles existe convenio que marca as obrigas de cada unha das partes, con indicación tamén do proxecto formativo a desenvolver, e o alumno/a está baixo a dirección dun titor/a externo que será un profesional traballador/a social. Condicións que contribúen a garantir que o alumnado adquira as competencias que na MVT se sinalan para a materia Practicum.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na dinámica de funcionamento do centro tense establecido publicar a información académica e administrativa relevante tanto nos taboleiros físicos do centro como no taboleiro virtual da web propia. Tanto na web propia (www.euts.es) como na web de centro da USC

(<https://www.usc.es/gl/centros/tsocial/titulacions.html?plan=14096&estudio=14097&codEstudio=13649&valor=9>), atopase toda a información mínima que ten que facerse pública e que se mantén actualizada

No apartado novas da web propia vanse anunciando as novidades que se inclúen na web, maioritariamente con enlace directo ao apartado no que se desenvolve a información. Nos distintos apartados da web propia figura aquela información cuxo contido é de acceso libre, e no apartado *Taboleiro virtual*, que é de acceso restrinxido ás persoas que conforman a comunidade docente cada curso académico, figura aquela información que contén datos de carácter persoal ou académico.

O desenvolvemento do primeiro cuadrimestre do curso 2019-2020 realizouse dentro da normalidade tanto no seu aspecto docente como administrativo. Coa declaración do estado emerxencia por parte da Xunta de Galicia e do estado de alarma por parte do Goberno Central e a situación sanitaria producida como consecuencia da COVID 19, á USC publica as resolucións reitorais dos días 12, 13 e 14 de marzo de 2020 que establecen a suspensión de xeito temporal da actividade docente presencial (incluíndo as prácticas en empresas, organismos e institucións), e peche das instalacións da USC (RR do 13 e do 14 de marzo).

A situación creada co paso á docencia en liña e a suspensión das prácticas obriga a adaptación dos procedementos administrativos, programas das materias, das prácticas, incrementar a información ao alumnado e ao profesorado e a creación por parte da USC e dos centros dunha normativa que regule estas situación. A EUTS solicita á USC a equiparación do "portal do estudante" da web propia coas aulas virtuais da USC por ser esta a canle que se ven utilizando co noso alumnado e da que xa coñecen o seu funcionamento, recibindo unha resposta positiva por parte da USC.

Cada materia ten un espazo propio que permite a comunicación entre docentes e alumando, a través da publicación de avisos e material de apoio ou a recepción de tarefas.

A información que se considera é de máximo interese para o alumando remítese por correo electrónico, e isto veuse reforzado no período de pandemia. O profesorado o fai tamén no que lle compete ao respecto das materias que imparte, e o persoal do servizo de Secretaría o fai no relativo aos asuntos de xestión administrativa. Daquelas Directrices ou Resolucións aprobadas pola USC, que se estimou de especial relevancia o seu contido, a divulgación do documento orixinal reforzouse e acompañouse dunha circular con indicacións e aspectos relevantes a observar.

Destacar que no período de confinamento reforzouse a comunicación co alumando, que se reflexou no incremento de correos dirixidos a estos, nun esforzo pola maior actualización da información establecendo as medidas indicadas na directriz 5.

As reunións da Comisión de Título son un espazo que permite a través da publicación das súas actas, dar a coñecer acordos e asuntos tratados que son de interese académico. No curso 2019-2020 celebráronse 18 reunións deste órgano.

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación alcanzou, no curso 2019-2020, 4,29 sendo superior á media da USC que é 3,43 (2502230_INF.09_2019-2020). Non constan datos sobre o grao de satisfacción coa información pública dispoñible (IN23G) ao non facerse esa pregunta nas enquisas de satisfacción realizadas pola USC.

Ao inicio de cada curso académico, a EUTS realiza unha enquisa propia dirixida ao alumnado de novo ingreso. Dos 79 alumnos/as ingresados no curso 2019-2020, 71 respostan esta enquisa. Na mesma, no punto 5, recábase información que permite analizar a información pública dispoñible sobre a titulación. A consulta realizada é: Tiveches algunha dificultade para obter información sobre a titulación de Traballo Social neste centro?. O resultado obtido é que o 95,8% dos enquisados/as indican que non tiveron dificultade (68) fronte ao 4,2% (3) que indicaron que sí tiveron algunha dificultade para atopar algunha información concreta.

3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir:			
Responsable do obxectivo:		Data inicio:	Data fin:
Obxectivo estratéxico relacionado			
Procesos clave relacionados			
Indicador/es de medición		Meta a conseguir	
Accións de mellora relacionadas (Código)			

LISTAXE DE ACCIÓN						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 (curso 2019-2020)
		Tipo	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3 – Sistema Garantía Calidade
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
	Data prevista de finalización		Finalización: 30/07/2020;
	Data inicio		Inicio 29/01/2020
	Responsables	Responsable da implantación	Mª Jesús Castro Neo
Tarefa1	Código	AM-1.1	
	Descrición tarefa	Elaboración da proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da documentación proposta	
	Data prevista de finalización	30/07/2020	
	Persoa responsable	Mª Jesús Castro Neo	
Finalización	Estado	Non executada	
	Data estado	30/07/2020	
	Comprobación	A situación creada pola pandemia impediú as reunións ca Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para asesoramento así como as necesarias reunións de traballo para a elaboración do novo manual simplificado	
	Data comprobación	Proponse novamente como acción de mellora para o curso 2020-2021	

4. Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓ	XUSTIFICACIÓ
Materia optativa asignada a 3º curso G3171347 A Investigación Cualitativa en Traballo Social (1SG)	Solicitouse a anulación dos grupos de asistencia por non ter alumnado matriculado na mesma.
Activación da materia optativa asignada a 3º curso G3171350 Traballo Social e Adicións (1SG)	Activouse esta materia polo interese do alumando. Para facilitar que o alumnado de 4º curso puidese cursar esta optativa, ofertouse para 3º e 4º curso. Para iso, estableceuse un horario do grupo expositivo que fose compatible co horario de ambos cursos e se crearon dous grupos interactivos, 1 compatible co horario de 3º curso e outro compatible co horario de 4º curso.
Modificacións en relación á presentación e defensa dos traballos de fin de grao (TFG)	<p>En consonancia co sinalado nas Directrices para a organización da docencia e da avaliación da USC de 27 de abril de 2020 e conforme á Resolución Reitoral de 17 de marzo e ao acordo do <i>Consello de Goberno</i> da USC de 22 de abril, que introducen unha serie de medidas de carácter extraordinario, aplicables unicamente ao curso 2019-2020, e que afectan tanto aos requisitos esixidos como ao procedemento, e co fin de facilitar a presentación e defensa de Traballos de Fin de Grao, a EUTS establece o procedemento que o regula, da seguinte forma (aprobado en Comisión de Título el 22 de xuño de 2020):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Será posible presentar e defender o TFG aínda que non se completara e superara o período de prácticas. En todo caso, o traslado ao expediente do/a alumno/a da cualificación obtida no TFG quedará condicionado á efectiva superación das prácticas. • A presentación e defensa realizarase por procedementos telemáticos, de acordo co sinalado no procedemento, e subsidiariamente na Guía para a realización de probas finais telemáticas da USC (medidas derivadas da emerxencia sanitaria pola COVID-19) • Con independencia do que establece o Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Traballo Social, no presente curso académico contémpanse dúas modalidades de defensa: <ul style="list-style-type: none"> – Defensa ante un tribunal – Defensa só ante o/a titor/a <p>A modalidade pola que opte o/a alumno/a terá que constar na solicitude de defensa</p> • A defensa dos TFG, en calquera das modalidades, realizarase dentro dos períodos que a USC sinala a tal efecto, desde o 5 ao 24 de xullo e desde o 3 ao 30 de setembro de 2020, e segundo o calendario establecido

	<p>polo Centro. Ademais o Centro contempla excepcionalmente, a defensa ata o 30 de novembro de 2020 cando por circunstancias xustificadas, o traballo non puidera ser defendido dentro dos prazos ordinarios. En todas as convocatorias, o Centro determina a data limite de entrega dos traballos, en función das datas previstas de defensa</p> <p>Neste procedemento indícase que a presentación telemática farase consonte ao indicado na Instrución 3/2020 de <i>Secretaría Xeral</i>, establecendo todo o proceso da defensa a través de 7 puntos. No punto 5 establece que as puntuacións máximas, segundo a modalidade de presentación son:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Defensa ante tribunal: nota máxima 10 puntos ✓ Defensa ante titor/a: nota máxima 8,5 puntos <p>Apróbase en Comisión Delegada de Xunta de Centro o 15 de maio de 2020.</p>
<p>Modificacións no período de prácticas da materia Practicum</p>	<p>Como consecuencia da resolución de 12 de marzo de 2020 da <i>Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade</i> pola que se da publicidade ao acordo do <i>Consello da Xunta de Galicia</i> de 12 de marzo polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, que determina no apartado primeiro de medidas preventivas: "d) no eido da ensinanza universitaria suspéndense as actividades académicas na ensinanza universitaria mantendo residencias universitarias e bibliotecas a un terzo de capacidade. Así mesmo suspéndense as prácticas en centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia", a USC publica a Resolución Reitoral de 12 de marzo pola que se establece a suspensión temporal da actividade docente presencial e outras medidas preventivas e recomendacións de saúde pública como consecuencia da situación, evolución e perspectivas do coronavirus. Es esta resolución reitoral suspéndense, de xeito temporal a actividade académica presencial na Universidade incluíndo as actividades docentes prácticas que se realizan en empresas, organismos e institucións.</p> <p>O 27 de marzo publícase la Resolución Reitoral sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020 onde se dispón de medidas de carácter extraordinario en relación coas prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares, do curso académico 2019-2020 que se estaban impartindo no momento da suspensión ou que estaban programadas para o segundo semestre do curso e aínda no se tiñan iniciado. No apartado terceiro de esta resolución reitoral indícase que "as prácticas presenciais consideraranse realizadas e procederá elaborar a memoria e emitir os informes correspondentes para os efectos da súa avaliación sempre que se houbesen alcanzado os</p>



	<p>obxectivos formativos básicos das mesmas. A estes efectos, entenderanse cumpridos estes obxectivos cando as prácticas estiveran realizadas, cando menos, nun 50% da súa duración.</p> <p>O alumnado que estaba realizando o Practicum no segundo cuatrimestre, cumpre có indicado en dita resolución reitoral polo que se consideran realizadas as prácticas do alumnado afectado.</p> <p>Apróbase en Comisión Delegada de Xunta de Centro o día 14 de abril de 2020.</p>
<p>Modificación na metodoloxía docente e do sistema de avaliación curso 2019-2020</p>	<p>Toda a docencia no segundo cuatrimestre pasa a ser en remoto por mor da declaración do estado de alarma polo goberno central, e de estado de emerxencia pola Xunta de Galicia.(marzo 2020)</p> <p>Adaptación do sistema de avaliación das materias, na programación académica, en base ao <i>Acordo do Consello de Goberno da USC de 22 de abril de 2020, e que afecta á avaliación da materia como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial, e ás Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19.</i></p> <p>Nas Directrices mencionadas estableceíase o seguinte, respecto ás materias do 2º cuatrimestre:</p> <p>2.2.1. Materias anuais e de segundo cuatrimestre</p> <p>Unha vez adoptado en Consello de Goberno do día 22 de abril o acordo de Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020, fíxose necesario modificar tamén o apartado correspondente ao sistema de avaliación da aprendizaxe. Para iso, o profesorado ten que seguir o mesmo procedemento empregado para as modificacións anteriores.</p> <p>En atención ás especiais circunstancias derivadas da situación de emerxencia sanitaria, todas as modificacións dos programas / guías docentes de cada titulación deberán ser revisadas polas coordinacións dos títulos.</p> <p>No punto seguinte, indicábase para as materias do 1º cuatrimestre, un tratamento diferente:</p> <p>2.2.2. Materias de primeiro cuatrimestre</p> <p>No caso das materias de primeiro cuatrimestre, tendo en conta que tanto a actividade docente como a súa avaliación en primeira oportunidade se desenvolveron con normalidade, o profesorado non terá que introducir modificación ningunha nos programas / guías docentes a través da aplicación Xescampus. Dado que o único cambio que afecta a estas materias consiste na</p>

	<p>substitución das probas presenciais previstas na segunda oportunidade por probas non presenciais (conforme se indica no apartado 3.2.1 deste documento), a referencia a esta modificación será introducida en Xescampus directamente polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica.</p> <p>O profesorado que impartiu docencia no 2º cuatrimestre, incorporou o “Sistema de avaliación adaptado á situación provocada pola Covid-19, no apartado de OBSERVACIÓNS, nos programas das materias na Secretaría Virtual da USC. O que notificou á coordinación de título, na data acordada. Unha vez comunicado, procedeuse a comprobar que foran introducidas as indicacións do sistema de avaliación establecido en cada programa das materias.</p> <p>Nas Directrices indicábase que o profesorado encargado da materia podía optar por unha das seguintes modalidades:</p> <p>3.1.1. Modalidade a: Avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua)</p> <p>3.1.2. Modalidade b: Avaliación non presencial con proba final telemática</p> <p>3.1.3. Modalidade a (avaliación continua) + Modalidade b (proba final telemática)</p> <p>3.1.4. Modalidade a (avaliación continua) ou Modalidade b (proba final telemática)</p> <p>As datas e modalidades de avaliación e a metodoloxía docente, apróbanse en Comisión Delegada de Xunta de Centro o día 28 de abril de 2020.</p>
<p>Modificación dos programas das materias</p>	<p>A <i>Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial</i>, sinalaba que o profesorado tiña que realizar as modificacións das guías docentes para adaptalas á nova situación, e comunicadas ao alumnado antes do 31 de marzo de 2020.</p> <p>Respecto a esta indicación, comprobouse que foron adaptadas as guías de todas as materias impartidas neste segundo cuatrimestre, no espazo web propio de cada unha delas.</p> <p>Por outra banda, a <i>Instrución para a modificación das guías docentes de acordo co establecido na Resolución Reitoral do 23 de marzo de 2020</i>, da Vicerreitoría de Organización Académica, establecía que a incorporación das modificacións das guías docentes en Xescampus por parte do profesorado tiña que facerse exclusivamente no apartado de “Observacións”.</p> <p>O prazo para incorporar as modificacións na Secretaría Virtual estivo aberto ata o día 13 de abril, pero a 1 de abril, por parte do profesorado que imparte docencia no 2º cuatrimestre, xa foran</p>



MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 25 de 30

incorporadas as modificacións no apartado de "Observacións".

O informe das modificacións das guías académicas presentouse á Comisión Delegada de Xunta de Centro na súa reunión do 14 de abril de 2020.

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título Web Propia
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Carpeta Actas Reunións en PDF
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Relación validacións 19-20 PDF (documento propio)
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502230_P.Ind_2019-2020
			2502230_INF.16_2019-2020
			2502230_INF.CiUG_2019-2020
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	-
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502230_P.Ind_2019-2020
			5419_INF.03_2019-2020
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web Propia
1	E10	Documentación do SGC (política e	Web Propia

		obxectivos de calidade, manual e procedementos)	
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web Propia
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web Propia
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502230_P.Ind_2019-2020 2502230_Informe_de_indicadores_2019-2020
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502230_P.Ind_2019-2020
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502230_E15_2019-2020 PDF Informe propio Coordinación Título 2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	Memoria, Directriz 4
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5419_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	Non aplica



4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502230_INF.13_1S_2019-2020
			2502230_INF.13_2S_2019-2020 2502230_INF.14_2019-2020
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5419_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web Propia
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web Propia
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	PDF na Carpeta Practicum
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF na Carpeta Practicum
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual Web Propia – portal estudante
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF na Carpeta TFG
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502230_INF.15_2019-2020
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia	2502230_P.Ind_2019-2020 Informe de coordinación 2019-2020
			2502230_EIL_INF_SIIU_2019-2020



		- Taxa de rendimento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502230_Informe_de_indicadores_2019-2020
2, 3	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502230_P.Ind_2019-2020 2502230_Informe_de_indicadores_2019-2020 2502230_INF.CiUG_2019-2020
2, 3	114	Resultados de inserción laboral	2502230 _EIL-SIU_2019-2020 Enquisa egresados propia
2, 3, 4, 5	115	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	2502230_P.Ind_2019-2020 2502230_Informe_de_indicadores_2019-2020 2502230_MedUSC_2019-2020